



### CONCELLOS

#### NAVIA DE SUARNA

##### *Anuncio*

En relación co acordo acadado polo Pleno desta Corporación na súa sesión celebrada o día 16 de maio de 2011, en relación á **DECLARACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que con data que se reflicte, foron recibidas as declaración efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as.

Estas declaracións foron inscritas no rexistro de intereses do Concello

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Navia de Suarna, 3 de Xullo de 2023.- O Alcalde. José Fernández Fernández.

R. 2235

##### *Anuncio*

#### **ACORDOS PLENARIOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE O NOVO RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO:**

Celebrado con data 7 de Xullo de 2023 sesión extraorrdinaria do Concello Pleno, a fin de adoptar acordos varios relativos á organización municipal, publícase a parte dispositiva dos mesmos, do xeito seguinte:

##### **Información Pública**

#### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO CONCELLO PLENO.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo por cinco votos a favor do grupo municipal do Partido Socialista e dúas abstencións do grupo municipal do Partido Popular, acordou:

1º) Que as sesións ordinarias do Concello Pleno teñan periodicidade bimensual, celebrándose nos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro**.

2º) Que se celebren o **último mércores de cada un dos meses citados, ás 16,00** horas caso de que coincida en día inhábil ou festivo, celebraranse o primeiro día hábil seguinte.

##### **Información Pública**

#### **COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo, adoptou o seguinte acordo:

1º) Que a Comisión Especial de Contas, se compoña do xeito seguinte:

- O Alcalde como presidente
- Dous membros do grupo municipal socialista.
- Un membro do grupo municipal popular.

2º) Esta Comisión terá como únicas competencias as relativas ó exame, estudio e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais e celebrará sesión cando haxa que someter á súa consideración ó exame, estudio ou informe de tales contas.

##### **Información Pública**

#### **CREACIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1º) Proceder á creación da Xunta de Goberno Local formada, segundo dispoñen os artigos 23 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co 52 do Regulamento de Organización, e 65 da Lei de Administración Local de Galicia, polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao tercio do número legal deles, e dícir, polo Alcalde e dous Concelleiros.

2º) Que a Xunta de Goberno Local, para o exercicio das súas competencias resolutorias, celebre sesión ordinaria cada quince días.

#### **Información Pública**

#### **NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MONTES E VALES ORIENTAIS (GDR3).-**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Nomear como representantes deste Concello na Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais GDR3, os membros seguintes:

Titular: Don José Fernández Fernández-Alcalde do Concello.

Suplente: Don Manuel Romero Pérez.

#### **Información Pública**

#### **NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE NAVIA DE SUARNA”.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Nomear como representante deste Concello no consello escolar do C.P.I. de Navia de Suarna á Concelleira dona Eva Fernández Lorido.

#### **Información Pública**

#### **INDEMNIZACIÓN ÓS MEMBROS CORPORATIVOS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS, GASTOS OCASIONADOS EN EXERCICIO DO CARGO E LOCOMOCIÓNS.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo de 2023, acordou aprobar a proposta da Alcaldía que literalmente copiada di:

“Constituída a nova Corporación é necesario fixar as indemnizacións que corresponderán ós membros corporativos, tanto por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Concello como polos gastos ocasionados no exercicio do cargo.

Por esta razón, esta Alcaldía, vistos os artigos 75 da Lei reguladora das bases de réxime local e 13 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, presenta ó Pleno a seguinte proposta:

#### **1º.- INDEMNIZACIÓNS:**

##### **1.A) POR ASISTENCIA A SESIÓNS**

1.- Os membros corporativos que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán por asistencia efectiva a cada sesión dos órganos colexiados municipais, unha indemnización de **50,00 euros**.

##### **1.B) POR GASTOS OCASIONADOS EN EXERCICIO DO CARGO**

1.- Por cada viaxe que realicen os membros corporativos por asuntos oficiais fóra do termo municipal, percibiranse as seguintes cantidades:

Dieta por manutención (xantar e cear)	<b>80,00 €/ día</b>
Media dieta (soamente comida ou cea)	<b>40,00 €/ día</b>
Aloxamento:	<b>90,00 €/ noite</b>

##### **2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN**

Os gastos de locomoción que se lles ocasionen ós membros corporativos por desprazamentos oficiais ou asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais, serán pagados segundo a contía que estableza a norma estatal reguladora das indemnización por gastos de locomoción en vehículo propio, estanto fixado na actualidade en **0,19 €/Km** pola Orde EHA/3770/2005 de 1 de decembro, pola que se revisa o importe das indemnizacións por uso de vehículo particular establecida en el Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Cando a viaxe se realice por outro medio de locomoción distinto do vehículo propio, será pagado o custo do mesmo según factura.

### 3º.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

As indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais xustificaranse mediante certificación de Secretaría, expedida coas formalidades legais, na que se faga constar o nome, apelidos e DNI de cada Concelleiro, relación de sesións nas que consta a súa asistencia e importe total a pagar. Tales indemnizacións serán pagadas no mes de decembro de cada ano natural, previa aprobación pola Alcaldía.

Os gastos de locomoción por asistencia a sesións serán relacionados na mesma certificación de Secretaría na que consten as asistencias e serán aboados xuntamente con elas.

O percorrido que se terá en conta para o recoñecemento de gastos de locomoción aos membros corporativos por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais, será a distancia de ida e volta desde o seu domicilio oficial ata a Casa-Consistorial ou lugar no que se celebre a sesión. A tal efecto, todos os concelleiros que teñan dereito a locomoción por este concepto, presentarán, dentro dos dez días seguintes á aprobación desta proposta, declaración facendo constar a distancia en Km dende o seu domicilio oficial á Casa do Concello

Cando se celebren varias sesións consecutivas no mesmo día, aboaranse os gastos de locomoción equivalentes a unha viaxe (ida e volta).

As dietas de membros corporativos por viaxes oficiais serán xustificadas por declaración de cada membro na que faga constar o día, lugar e motivo da viaxe, hora de saída do Concello ou domicilio oficial, hora de regreso e liquidación que corresponde según as contías aprobadas.

Para ter dereito a media dieta, nos viaxes oficiais de duración inferior a 24 horas, terá que xustificarse que a saída do Concello ou residencia oficial foi anterior ás 14,00 horas e o regreso posterior ás 16,00 horas.

Nas viaxes oficiais de duración superior a 24,00 horas, Terán que detallarse os actos oficiais ós que se asiste cada un dos días nos que se permanece desplazado. O día de saída, ademáis de dieta por pernocta, dará lugar a dieta por manutención completa se queda xustificada a necesidade de que a viaxe comeze antes das 14.00 horas, de seren posterior, somamente dará lugar a media dieta. No día de regreso pagaranse os gastos de pernocta se éstos quedan xustificadas e dieta ou media dieta sempre que quede xustificada a chegada en horario posterior ás 20,00 ou ás 14,00 horas respectivamente.

Os gastos de viaxe en transporte público, ou aqueles ocasionados por aparcamentos e outros que se poidan ocasionar en desprazamentos, serán pagados contra factura ou tique que a substitúa.

Os gastos de locomoción ocasionados ós membros corporativos por desprazamentos en vehículo propio por asuntos oficiais, xustificaranse mediante unha conta na que se faga constar marca, modelo e matrícula do vehículo utilizado, lugar e motivo da viaxe, precio Km e importe total. Cando unha viaxe oficial de dereito a dieta e gasto de locomoción, serán xustificadas nunha mesma conta.

As dietas e gastos de locomoción ocasionados aos membros corporativos por viaxes oficiais serán aboadas trala súa aprobación polo Sr. Alcalde, e os ocasionados á Alcaldía serán pagadas trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.”

#### Información Pública

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer , con cargo aos orzamentos municipais anuais, a seguinte asignación económica os grupos políticos municipais: unha asignación de 100 €/semestre a cada grupo político municipal e de 80 €/semestre por cada concelleiro obtido polo grupo político.

Esta asignación non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación que porán a disposición do Concello Pleno sempre que éste o pida.

Segundo.- Esta asignación será pagada con cargo á partida 912.48 do estado de gastos do orzamento municipal.

Terceiro.- Tal asignación será pagada nos primeiros 20 días de cada semestre natural, mediante transferencia bancaria. A tal efecto, os grupos políticos municipais, no prazo de 15 días, a contar do seguinte ao de aprobación da presente proposta, presentarán no Concello un certificado da conta bancaria aberta ao seu nome. En ningún caso, a asignación será transferida a conta bancaria na que o titular non sexa o grupo municipal.

#### Información Pública

#### **DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de Xullo, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias, dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local:

1) A aprobación de proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Presupostos.

2) As demais que expresamente confiran as leis e non esixan para a súa probación unha maioría especial e especialmente as competencias en materia de contratación atribuídas o Pleno pola disposición adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- A presente delegación de atribucións comprende tanto a competencia para dictar actos de trámite como resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no regulamento de organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e surtirá efectos a partir do día seguinte ó da adopción do preceptivo acordo municipal, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **Información Pública**

O Señor Alcalde, en materia de organización municipal dictou as seguintes resolucións, dando conta seguidamente ao Pleno:

**A) Resolución da Alcaldía sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.-** Dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data que literalmente copiada di:

“O artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que a Xunta de Goberno Local está formada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido aparece regulado no artigo 52 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Caso de que a nova Corporación resultante das eleccións celebradas o día 26 do pasado mes de maio acorde a creación da Xunta de Goberno Local, procede nomear os membros desta Xunta.

Por esta razón, en uso das atribucións concedidas polos artigos arriba citados, acordo:

Primeiro.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local os seguintes Concelleiros:

- Don José Manuel Álvarez Cruz
- Don Manuel Gómez López

Segundo.- A presente Resolución queda sometida á condición suspensiva de que polo Concello Pleno se acorde a creación deste órgano, será notificada persoalmente ós nomeados, publicada no Boletín Oficial da Provincia e darase conta da mesma ó Concello Pleno na primeira sesión que celebre.

A Corporación quedou enterada.

**B) Resolución da Alcaldía sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde.-** Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data , sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde que literalmente copiada di:

“Os Tenentes de Alcalde son órganos necesarios en todos os Concellos correspondendo ao Alcalde o seu nomeamento, según dispoñen os artigos 20.a, 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 35.2 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 62.1 da Lei 5/97, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Constituída a nova Corporación como consecuencia das eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio de 2019, esta Alcaldía debe proceder ó nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

Por esta razón, acordo:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello ós seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: Don José Manuel Álvarez Cruz

Segundo Tenente de Alcalde: Don Manuel Gómez López

Segundo.- A presente Resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, será efectiva desde o día seguinte ó da data na que foi dictado.”

A Corporación quedou enterada.

**C) Resolución da Alcaldía sinalando día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.-** Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data , que literalmente copiada di:

“O artigo 112.3 do Real Decreto 2568/86, de 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais atribúe á Alcaldía a facultade de fixar o día e hora na que deban celebrarse as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Facendo uso de tales facultades, ACORDO:

1º) Caso de que O Concello Pleno acorde que a periodicidade da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local sexa quincenal, éstas celebraranse o primeiro e terceiro martes de cada mes ás 14,00 horas; de coincidir con inhábil ou festivo, celebrarase o primeiro día hábil seguinte.

A Corporación quedou enterada.

**D) Resolución da Alcaldía sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.-** Seguidamente dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local que literalmente copiada di:

“Os artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, facultan ao Alcalde para delegar algunhas das súas atribucións na Xunta de Goberno Local cando exista.

Caso de que por este Concello se acorde crear a Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confiren os artigos citados, acorda:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes funcións:

- a) A autorización e disposición de gastos cuxa contía supere 6.000 € ata alcanzar o límite de competencia da Alcaldía.
- b) O recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas das autorizacións e disposicións do apartado anterior , con excepción das seguintes: Nóminas; cotizacións á seguridade social; gastos de enerxía eléctrica, teléfono e similares; as correspondentes ós contratos de servizos; cuotas de amortización e intereses de operacións de crédito debidamente formalizados, as dietas, indemnizacións e gastos de locomoción por asistencia ás sesión dos órganos colexiados municipais dos concelleiros e cantas obrigas teñan contía hasta 6.000 €.
- c) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, con excepción das bases reguladoras dos procesos de selección de personal para as campañas contra incendios, persoal contratado con cargo a programas específicos subvencionados pola Xunta de Galicia ou Deputación Provincial que será competencia da Alcaldía.
- d) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- e) A aprobación de proxectos de obras e servizos cuxa contratación sexa competencia da Alcaldía, estean previstas no presuposto e superen a contía de 6000,00 €.
- f) Outorgar licencias, ágas que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ao Concello Pleno
- g) As competencias en materia de contratación atribuídas ao Alcalde pola disposición adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre e cando superen a contía de 6000 €.

Segundo.- A delegación de competencias comprende as facultades tanto para dictar actos de trámite como resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto establece a lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e surtirá efecto dende o mesmo día en que a Xunta de Goberno Local se pronuncie sobre á súa aceptación.

Cuarto.- A presente Resolución queda sometida á condición suspensiva de que polo Concello Pleno se acorde a creación da Xunta de Goberno Local.

A Corporación quedou enterada.

**E) Resolución da Alcaldía sobre delegación de atribucións nos Tenentes de Alcalde.-** Seguidamente dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data sobre delegación de atribucións nos Tenentes de Alcalde, que en su parte resolutiva, dí:

De conformidade coas atribucións que me concede o artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e coa finalidade de conseguir a maior calidade posible na prestación de servizos.

RESOLVO:

1º) Nomear ó primeiro Tenente de Alcalde don José Manuel Álvarez Cruz, Delegado de Urbanismo e Facenda.

2º) Nomear ó segundo Tenente de Alcalde don Manuel Gómez López, Delegado de Educación, Cultura e Deportes.

3ª) Nomear ó Concelleiro don Manuel Romero Pérez, Delegado de Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

4ª) Nomear á Concelleira dona Eva Fernández Lorigo, Delegada de Xuventude, Festas e Servizos Sociais.

As delegacións realizadas comprenden as funcións de impulsión, seguimento e control das actividades relacionadas coas áreas delegadas, sen facultades resolutorias e dando conta permanente a Alcaldía.

Navia de Suarna, 10 de xullo de 2023.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2236

## O PÁRAMO

### Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **3/07/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XUÑO** de 2023, polo importe total de **4.020,92€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de Xulio de 2023.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 2237

## RIBADEO

### Anuncio

**Resolución de Alcaldía núm. 2023-733 de data 10/07/2023 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal LABORAL FIXO-DISCONTINUO, do seguinte xeito:**

Apelidos e nome	Posto
González Tobares, Daniel	Socorrista / Posto FD0002/10
Serrano Pérez, Joaquín	Socorrista / Posto FD0002/11
Susana Cuevas, Kei	Socorrista / Posto FD0002/12

Características dos postos:

Servizo/Dependencia	Area Medio Ambiente/
Ide. Posto / RPT	FX0002 (10,11,12)
Denominación do posto	Socorristas acuáticos
Natureza	Laboral fixo-discontinuo
Nomeamento	10/07/2023
Escala	Administración Especial/Laboral
Subescala	Socorrismo acuático
Clase/Especialidade	Socorristas
Grupo/Subgrupo	Equiparado C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 10 de xullo de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2238

## O SAVIÑAO

### Anuncio

**Asunto: Aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito MC 8/2023 (Expte. 876/2023).** O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión extraordinaria celebrada en data 6 de xullo de 2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 8/2023, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, por importe de 6.785,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública, polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 10 de xullo de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2239

### Anuncio

#### ACORDOS PLENO ORGANIZACIÓN CORPORACION 2023-2027.

O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión extraordinaria celebrada en data 6/07/2023, adoptou os seguintes acordos organizativos, que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

#### 2. CREACION E COMPOSICION DA COMISION ESPECIAL DE CONTAS (Expte 863/2023)

(...)

PRIMEIRO. Constituir a Comisión Especial de Contas, de existencia preceptiva de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 127 do ROF, tendo como función o exame, estudio e informe da Conta Xeral anual do Concello.

SEGUNDO. Determinar a seguinte composición por grupos políticos, para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre todos os grupos políticos representados na Corporación.

- Presidente: O Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue.

- Vogais:

2 representantes do Grupo municipal do Partido Popular (Dna. Beatriz Rois Castro e Dna. María del Carmen Expósito González)..

1 representante do Grupo municipal do PSG-PSOE (D. Celestino Rodríguez Pombo).

- Secretario: A Secretaria do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

TERCEIRO. A adscrición concreta á comisión dos membros da Corporación que deben formar parte das mesmas, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito da/o voceira/o do mesmo, dirixido á Alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente de cada titular.

CUARTO. Comunicar este Acordo aos diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes na Comisión Especial de Contas, notificándoo por escrito en prazo de 5 días desde a adopción do presente Acordo.

#### 3. Punto 1) CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS (Expte. 866/2023).

(...)

PRIMEIRO. Constituir, de conformidade co artigo 35.2.d) do ROF, a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado integrante da organización municipal.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde que será o Presidente, e polos/as concelleiros/as que a Alcaldía nomee como membros da mesma, mediante Decreto, do cal se dará conta ao Pleno Corporativo.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do ROF, fixando o seguinte réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:

- Ordinarias: periodicidade quincenal os xoves ás 9:00 horas. Se o día sinalado fose festivo, a sesión celebrárase o día hábil inmediatamente seguinte, á mesma hora.

- Extraordinarias e extraordinarias urxentes: cando con tal carácter sexan convocadas pola Alcaldía.

CUARTO: A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o día 13 de xullo de 2023, ás 9:00 horas.

**3. Punto 2) RÉXIME DE DEDICACIÓNS E RETRIBUCIÓN, ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA ÁS SESIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN, INDEMNIZACIÓNS POLOS GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO CARGO E ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS (Expte. 866/2023).**

(...)

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes dedicacións exclusivas:

1. Aprobar unha dedicación exclusiva para o cargo de Alcalde, cunha retribución bruta anual de 45.500,00 euros (sen incluír Seguridade Social), actualizándose de acordo coa normativa aplicable ao persoal municipal.

O aboamento da dedicación quedará supeditado á aprobación da modificación de crédito correspondente se ben producirá efectos dende a data da súa aprobación polo pleno.

Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

2. Aprobar unha dedicación exclusiva para a concelleira delegada de Cultura, Servizos Sociais e Gobernación, cunha retribución bruta anual de 24.500,00 euros (sen incluír a Seguridade Social).

Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

3. Aprobar unha dedicación exclusiva para o concelleiro delegado de Servizos municipais e Obras, cunha retribución bruta anual de 21.000,00 euros (sen incluír Seguridade Social).

Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

SEGUNDO. Fixar como importe das asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que se forme parte:

- sesión de Pleno: 100 euros

- sesión de Xunta de Goberno local: 150 euros

- sesión de Comisión de Coordinación: 150 euros

O aboamento das asistencias quedará supeditado á aprobación da modificación de crédito correspondente se ben producirá efectos dende a data da súa aprobación polo pleno.

Os cargos con dedicación exclusiva non percibirán ningún tipo de indemnización por asistencia ás sesións de órganos colexiados.

TERCEIRO. Fixar como importe das indemnizacións por gastos ocasionados por comisión de servizos encomendados a cargos electos, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2023.

CUARTO. Fixar as seguintes asignacións a grupos políticos con carácter semestral con arreglo aos seguintes criterios:

- 50 €/mes por concelleiro/a



· 50 €/mes asignación fixa a grupo político

· Cuando algún/ha concelleiro/a deixe de pertencer ao grupo no que foi elixido, o pago do importe de 50 €/mes por grupo político perderase ao non estar integrado nun grupo.

Os pagos faranse con carácter semestral. Conforme o disposto na Lei 11/99 de 21 de abril pola que se modifica a Lei de bases de réxime local as devanditas cantidades non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Deberán levar unha contabilidade específica que poñerán a disposición do pleno, sempre que o pida. O fin fundamental desta contribución é o funcionamento ordinario dos Grupos Políticos (alugamento de locais, calquera acto de representación institucional, material de oficina, etc).

QUINTO. Proceder á publicación do presente acordo no BOP de Lugo aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no Taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello de O Saviñao.

#### 4. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACION EN ÓRGANOS COLEXIADOS (Expte. 873/2023).

(...)

PRIMEIRO. Nomear aos representantes da Corporación nos órganos colexiados co seguinte detalle:

· Representante municipal no Consello escolar do CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ a Dna. María del Carmen Expósito González.

· Representante municipal no Consello escolar do CEIP CURRELOS a Dna. Sonia García Rodríguez.

· Representante municipal no GDR Ribeira Sacra - Courel a D. Juan Carlos Armesto Quiroga, podendo delegar en calquera dos membros do Goberno municipal.

· Representante municipal no Consorcio Turístico Ribeira Sacra a D. Juan Carlos Armesto Quiroga, podendo delegar en calquera dos membros do Goberno municipal.

SEGUNDO. Comunicar este acordo aos organismos afectados e aos/ás interesados/as.

#### 5. Punto 1) DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (Expte. 874/2023).

(...)

PRIMEIRO. O Pleno do Concello de O Saviñao delega na Xunta de Goberno local as seguintes atribucións:

1. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

2. A concertación ou modificación das operacións de crédito de competencia plenaria.

3. A aprobación dos proxecto de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda no estean previstos nos orzamentos.

4. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

5. As competencias que en materia de contratación lle correspondan ao Pleno en virtude da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Estas delegación deberán ser aceptadas expresamente pola Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

SEGUNDO. O acordo de será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos legalmente establecidos e no Taboleiro de anuncios e Portal de Transparencia do Concello de O Saviñao.

#### 5. Punto 1) PERIODICIDADE SESIONS PLENARIAS ORDINARIAS CORPORACION 2023-2027 (Expte. 874/2023).

(...)

PRIMEIRO. Establecer para o presente mandato corporativo 2023-2027 o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Periodicidade: cada dous meses

Día: último venres dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro

Hora: 13:00 horas

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, agás forza maior.

SEGUNDO. Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora inhábil poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

TERCEIRO. Se na primeira convocatoria non existira quórum suficiente para a celebración do Pleno, entenderase convocada a sesión automaticamente dous días despois. En caso de que a data de celebración en segunda convocatoria recaese en día inhábil, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

CUARTO. Para casos excepcionais e debidamente xustificadas, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facultar á Alcaldía para modificar o día e hora da celebración das sesións ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto da convocatoria.

QUINTO. O acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos e no Portal de Transparencia do Concello de O Saviñao.

O Saviñao, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2240

### Anuncio

#### DECRETOS ORGANIZATIVOS CORPORACION MUNICIPAL 2023-2027.

O Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao ditou os seguintes decretos organizativos cuxa parte dispositiva é a que se transcribe a continuación:

- **DECRETO 2023-0207, de data 3/07/2023, DELEGACIONES CONCELEIROS/AS CORPORACIÓN 2023-2027** (Expte. 864/2023).

(...) Esta Alcaldía en uso das súas atribucións, RESOLVE:

Primeiro: Sen prexuízo das delegacións e atribucións na Xunta de Goberno Local, realízanse as delegacións que a continuación se detallan nos seguintes Concelleiros/as:

CONCELLERIA DELEGADA	CONCELLEIRO/A
Concellería de Deportes e Urbanismo	JOAQUIN GONZALEZ GONZALEZ
Concellería de Cultura, Servizos Sociais e Gobernación	BEATRIZ ROIS CASTRO
Concellería de Economía e Industria, Comercio, Sanidade e Turismo	MARIA DEL CARMEN EXPOSITO GONZALEZ
Concellería de Servizos Municipais e Obras	JORGE EUGENIO RODRIGUEZ ALVAREZ
Concellería de Medio Rural e Industrias Agro-Forestais	JOSE LOPEZ DIAZ
Concellería de Educación e Infancia	SONIA GARCIA RODRIGUEZ
Concellería de Xuventude e adxunto a Deportes	MIGUEL TEIJEIRO RODRIGUEZ

Segundo. O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para formular propostas, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás que para casos concretos se realice a oportuna delegación específica.

Terceiro. Notifíquese esta resolución as/os concelleiras/os interesadas/os a fin de que expresen a súa aceptación. Esta resolución terá efectos dende dita aceptación polos concelleiros/as interesados/as.

Terceiro. Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de O Saviñao.

Cuarto. Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- **DECRETO 2023-0201, de data 29/06/2023, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE CORPORACIÓN 2023-2027** (Expte. 865/2023).

(...) RESOLVE:

Primeiro. Nomear Tenentes de Alcalde, e pola orde que se indica, ás/aos concelleiras/os seguintes:

- Primeiro Tenente de Alcalde: D. Joaquín González González
- Segunda Tenente de Alcalde: Dna Beatriz Rois Castro
- Terceira Tenente de Alcalde: María del Carmen Expósito González

Segundo. Notifíquese esta resolución ás/aos concelleiras/os interesadas/os.

Terceiro. Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de O Saviñao.

- **DECRETO 2023-0208, de data 3/07/2023, NOMEAMENTO MEMBROS XUNTA GOBERNO LOCAL E DELEGACIONES DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027** (Expte. 866/2023).

(...) RESOLVE:

PRIMEIRO. Nomear como membros da Xunta de Goberno Local, se a súa existencia é aprobada polo Pleno deste Concello, xunto a mín, como Presidente, aos seguintes Concelleiros/as:

- D. Joaquín González González
- Dna. Beatriz Rois Castro
- Dna. María del Carmen Expósito González.

SEGUNDO. Ao abeiro dos art. 23.2 da LBRL e 65 da LALGA, atribuír á Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

2.1 A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións. A tal fin, a Xunta de Goberno será informada de todas as decisións do Alcalde. Esta información terá carácter previo

á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local exercerá as atribucións que lle deleguen o Alcalde ou o Pleno, así como aquelas atribucións que expresamente lle asignen as leis.

2.2. As atribucións que esta Alcaldía, de forma expresa, lle delega e que a continuación se indican:

- Aprobar, dispoñer, recoñecer gastos, así como ordenar os pagos ata o límite da súa competencia coas excepcións previstas nas Bases de Execución do Orzamento (pagos de nóminas do persoal, seguridade social, IVE, IRPF, cuxo pago será acordado pola Alcaldía calquera que sexa a súa contía).

- Os expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía.

Exceptúanse desta delegación os contratos menores.

- A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, que sexan competencia da Alcaldía.

- Outorgamento de licenzas urbanísticas en xeral, toma de razón das comunicacións previas de actividade e das comunicacións previas urbanísticas e declaración de eficacia das mesmas. Tamén se delega a competencia para a aprobación das liquidacións do ICIO (imposto sobre construcións instalacións e obras) correspondentes ás licenzas que se delegan.

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así coma instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.

- As demais que expresamente lle atribúan as leis ao Alcalde, e aquelas que a lexislación do Estado e das CCAA asignen ao Municipio e non atribúan expresamente a outros órganos municipais.

Estas delegacións a favor da Xunta de Goberno Local realízanse sen prexuízo das competencias propias atribuídas polo artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local á Xunta de Goberno Local, de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas outras que o pleno da corporación, de ser o caso, lle estime oportuno delegar.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local deberá proceder á aceptación das delegacións realizadas polo señor Alcalde mediante a presente resolución.

CUARTO. Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

QUINTO. Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, e surtirá efecto desde o día seguinte ao da data deste Decreto. Ademais, notificarase persoalmente aos interesados/as, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello de O Saviñao, en

cumprimento do establecido nos artigos 38 e 44 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO. A eficacia do presente acto quedará supeditada ao acordo que sobre creación de Xunta de Goberno Local adopte o Pleno.

O Saviñao, 11 de xullo de 2023.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2241

## O VICEDO

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 7 de xullo de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 7 de xullo do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2243

## VIVEIRO

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA”** funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala *“(…) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos***

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”*

Vista a base xeral 8.2 que sinala: *“(…)A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e e). En ningún caso se poderá aportar, ao respecto dos méritos a valorar, méritos non aportados no prazo de presentación de instancias, incluso aínda que fosen referenciados no Anexo II pero non fosen acreditados documentalmente nese momento.*

*No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.”*

Tendo en conta que o punto 8.2 establece un prazo de subsanación, tanto de méritos como da acreditación do nivel de galego esixido, que será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así mesmo establece que no suposto de non resultar excluído ningún aspirante a lista provisional aprobarase con carácter de lista definitiva.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA , con carácter de lista definitiva de admitidos/as :**

**A) ADMITIDOS:**

Nº	APELIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	GÓMEZ NAVAL MATEO	EXENTA
2	MONTERO PENA RUBÉN	EXENTA

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 07 de xullo de 2023 A Alcaldesa - Presidenta, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade.

R. 2244

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**PROFESOR/A DE CANTO 50% DA XORNADA COMPLETA**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal

(Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE CANTO 50% DA XORNADA COMPLETA”** funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala **“(…) Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”*

Vista a base xeral 8.2 que sinala: **“(…)A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e e). En ningún caso se poderá aportar, ao respecto dos méritos a valorar, méritos non aportados no prazo de presentación de instancias, incluso aínda que fosen referenciados no Anexo II pero non fosen acreditados documentalmente nese momento.**

*No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.”.*

Tendo en conta que o punto 8.2 establece un prazo de subsanación, tanto de méritos como da acreditación do nivel de galego esixido, que será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así mesmo establece que no suposto de non resultar excluído ningún aspirante a lista provisional aprobarase con carácter de lista definitiva.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE CANTO 50% DA XORNADA COMPLETA, con carácter de lista definitiva de admitidos/as :**

**A) ADMITIDOS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	EXPOSITO CAO MONTSERRAT	EXENTA
2	OUTOMURO GONZALEZ NOA	EXENTA

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 07 de xullo de 2023 A Alcaldesa - Presidenta, Dª. María Loureiro García, Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

R. 2245